

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA O CUMPRIMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE POLICÍA LOCAL

Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis

Cuntis, 14 de novembro de 2022

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Policía Local é unha forza pública de seguridade de natureza civil e xerarquizada de ámbito municipal, que opera en certos municipios cos seus propios medios persoais e materiais baixo a xefatura directa do Alcalde ou Alcaldesa. Hai abondosa normativa que regula o funcionamento deste corpo, pero segundo a LOFCSE, e de maneira xenérica, as súas funcións son as seguintes:

- Protexer ás autoridades das Corporacións locais, e vixilancia ou custodia dos seus edificios e instalacións;
- Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación;
- Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do casco urbano;
- Policía administrativa, no relativo a ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia;
- Participar nas funcións de policía xudicial, na forma establecida no art. 29.2 da LOFCSE.
- Prestación de auxilio, nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, na execución dos plans de protección civil;
- Efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar comisión de actos delitivos no marco de colaboración establecido nas xuntas de seguridade;
- Vixiar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e coa policía das CCAA, a protección das manifestacións e o mantemento da orde en grandes concentracións humanas cando sexan requiridos;
- Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos.

Na medida na que este corpo forma parte do persoal municipal, debemos entender que estas funcións son un servizo público que os concellos deben prestar.

A día de hoxe o Concello de Cuntis leva meses sen ningún axente de Policía Local, polo tanto estamos ante un servizo público que non se presta, coas dificultades derivadas desta carencia, por exemplo, en materia de seguridade viaria, ordenamento do tráfico, etc.

Dende comezos da lexislatura anterior, dende o primeiro orzamento asinado polo actual alcalde, no cadro de persoal do Concello de Cuntis veñen figurando tres policía locais. Habitualmente contábase con dous, quedando vacante e pendente de convocar unha das prazas. No ano 2017, a FEGAMP asina un convenio coa Xunta de Galicia para que o Goberno Galego asuma as competencias en materia dos procesos selectivos das prazas deste corpo nos concellos de Galicia que decidisen participar deste método. O Concello de Cuntis aprobou, no pleno do 1 de febreiro de 2018, a adhesión a este convenio, co que delega na Xunta as citadas competencias nos termos que establece o acordo marco entre a FEGAMP e a Administración Autonómica.

Dende que este convenio está en vigor, o Concello de Cuntis non accedeu NUNCA a esta convocatoria, como si fan regularmente e cada ano os concellos que precisan cubrir estas prazas.

O Concello de Cuntis, ademais de non cubrir a vacante que un ano detrás doutro vén incluíndo nos orzamentos municipais, viu como por diversas circunstancias os dous efectivos da Policía Local cos que contaba foron deixando de estar, ata a situación actual de levar meses sen ningún. O Goberno Municipal puido acceder ás convocatorias tanto no presente exercicio como no anterior, á vista da redución de efectivos do corpo da Policía Local e en coherencia coa decisión de adquirir un novo vehículo para o servizo. Por razóns que nunca foron explicadas, non o fixo e consentiu a desaparición do servizo de policía local malia ter presuposto para facelo.

2

O 31 de marzo de 2021, o Concello de Cuntis anunciaba a adquisición dun novo vehículo para a Policía Local, cun investimento total de case 25.000 € (custe do coche máis equipamento), financiados en parte con cargo ao Plan Concellos do 2018. No anuncio, nun acto de entrega no que mesmo participou un deputado provincial, o Concello de Cuntis dicía:

“O vehículo vén equipado cun equipo de luces de emerxencia de última xeración, así como cun panel de advertencia e con todos os sistemas, mecanismos e utilidades coas que debe contar un vehículo policial (botiquín, lanternas, extintores, etc.). Ao mesmo tempo conta con dous equipos de comunicación, un conectado á rede autonómica de comunicacións e outro para comunicacións internas do propio Concello. O alcalde, Manuel Campos, participou na entrega do coche acompañado do deputado provincial, Manuel González. Ambos destacaron no acto o ‘labor extraordinario da Policía Local, especialmente neste tempo de pandemia onde se voncerteron nun elemento esencial sobre todo nos concellos pequenos para a axuda directa ao cidadán’”

Dende o 1 de xullo do presente ano, un dos efectivos do corpo da Policía Local de Cuntis atópase en situación de excedencia e presta servizos noutro concello. Malia esta circunstancia, aínda sendo consciente das ausencias reiteradas por diversos motivos dos axentes, o Goberno

Municipal non concorreu á convocatoria do proceso selectivo da Xunta, que en virtude do convenio antes citado podería ter feito xa que tiña crédito orzamentado.

Carecer do servizo de Policía Local, mentres o recién adquirido vehículo novo pasa os días no garaxe, supón unha anomalía nun concello como o de Cuntis. Cando non existen dificultades que o xustifiquen evidénciase que estamos ante un aspecto da xestión municipal que cómpre mellorar.

Por todo o exposto, instamos ao pleno da Corporación á adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Municipal a explorar as posibilidades existentes neste momento para, de ser posible, incorporar efectivos ao Corpo de Policía Local e, EN TODO CASO, concorrer ao proceso selectivo delegado na Xunta de Galicia para o vindeiro exercicio 2023.
2. Instar ao Goberno Municipal a que cumpra debidamente cos principios de boa fe na xestión dos recursos públicos e orzamentar, para o vindeiro exercicio, únicamente os axentes de Policía Local que teña intención de incorporar para non perverter as transferencias económicas entre capítulos do orzamento.